

CICLO PENSARMOS

# LLUÍS BASSETS

## *Fascismos dixitais*

Consello da Cultura Galega

Santiago de Compostela

Xoves, 28 de febreiro de 2018 ás 18:00 horas



Posverdade, fascismos dixitais, tecnopersoas, precarización da vida, perda de liberdades, deterioración medioambiental, poshumanismo.... Enchemos de novos termos os andeis do noso pensamento. Asistimos a unha proliferación de palabras e conceptos para enfrontarnos a unha época convulsa. A economía do efémero demándanos respostas rápidas e simples ante problemas complexos. Pensar sen présas ou debater ideas e visións diversas do mundo . caron convertidas en actividades de luxo ou en ideas románticas doutros tempos. Agora todo semella moverse na inmediatez das redes. Porén, o pensamento necesita tempos de encontro, de compartir devagar perspectivas e dúbidas.

Propoñémosvos neste ciclo de charlas, debates e intercambio de ideas un tempo compartido para a re. exión, para abordar os problemas da actualidade, para facer redes de conexións e contribuír a que sexamos un pouco máis libres. O vello dictum ilustrado, sapere aude, hoxe deveu máis necesario que nunca. “Atrévete a pensar” é un exercicio a contracorrente, unha pequena revolución cotiá. Quedades convidadas e convidados a un espazo compartido de reflexión e análise crítica do mundo que nos tocou vivir. Se pensar vos presta, agardámosvos cunha única condición, a predisposición a gozar das palabras compartidas.

Durante o ano 2019 cada cuarto xoves de mes o ciclo *Pensarmos* ofreceranos a oportunidade de encontrarnos con nomes relevantes no pensamento actual que establecerán un diálogo tanto con integrantes da Sección de Pensamento do Consello da Cultura Galega como co público asistente sobre temas tan vixentes como feminismo, fascismos, verdade, intimidade, investigación, precariedade ou humanismo.

- 28 febrero: Lluís Bassets
- 28 marzo: Gareth Williams
- 25 abril: Remedios Zafra
- 23 maio: António Cunha
- 27 xuño: Margarita Boladeras Cucurella

## PROGRAMA

18:00 horas  
Presentación

18:15 horas  
*Fascismos dixitais*

**Lluís Bassets** dialoga con **Francisco Castro**

**Lluís Bassets** (1950) iniciou a súa carreira profesional en Barcelona a comezos dos anos 70, nos xa desaparecidos *Tele/eXpres* e *Diario de Barcelona*. En 1980 fundou e dirixiu o semanario *El Món*. Pertenceu ao núcleo fundador da edición do diario *El País* en Cataluña, que empezou en 1982 e na actualidade forma parte do comité de dirección da nova publicación mensual en lingua catalá *Política & prosa*. En *El País* exerceu como xefe de Cultura, do suplemento Libros e da sección de Opinión, como correspondente en Bruxelas e en París, e tamén como director da edición catalá. Como responsable de Cultura, fundou e organizou en 1982 o suplemento cultural en catalán *Quadern* e como responsable da redacción de Barcelona en 2014 a edición dixital en catalán *elpais.cat*. Actualmente publica as súas columnas na sección Internacional do rotativo e nas páxinas de Opinión da edición de Cataluña. Publicou varios libros de análise política, entre o que destacan: *La rebelión interminable. El año de la secesión catalana* (Ediciones de la catarata, 2018); *Lecciones españolas. Siete enseñanzas políticas de la secesión catalana y la crisis de la España constitucional* (EDLibros, 2017); *La gran*

*vergüenza. Ascenso y caída del mito de Jordi Pujol* (Editorial Península, 2014); *El último que apague la luz. Sobre la extinción del periodismo* (Taurus, 2013) ou *El año de la revolución. Cómo los árabes están derrocando a sus tiranos* (Taurus, 2012).

**Francisco Castro** (Vigo, 1966) é licenciado en Filosofía, ademais de escritor. Entrou a formar parte da Editorial Galaxia como editor no ano 2008 desenvolvendo labores de edición infantil e xuvenil, no ano 2016 foi nomeado director xeral. É un dos pioneiros da blogosfera galega. Como autor foi galardoado con importantes distincións no mundo da literatura galega, como o Premio Lueiro Rey (1997), o Premio Modesto Figueiredo de narracións breves (2005), o Premio Blanco Amor (2006), o Premio Manuel García Barros (2007), o Premio Frei Martín Sarmiento (en cinco ocasións) e o Premio de Novela por Entregas de *La Voz de Galicia* (2013). Ademais, foi nomeado en 2012 na lista de honra da Organización Internacional para o Libro Xuvenil (IBBY) por *Chamádeme Simbad*, un dos long-sellers máis vendidos da historia da literatura galega. A súa obra está traducida a varias linguas, como o castelán, catalán, éuscaro, italiano ou portugués de Brasil. O ano vindeiro verá tamén publicada a súa obra en inglés. En 2018 entrou a formar parte do Consello da Cultura Galega na Sección de Pensamento.

## **ORGANIZA**

Sección de Pensamento  
Consello da Cultura Galega

## **COORDINA**

Carme Adán Villamarín

## **LUGAR**

Consello da Cultura Galega  
Pazo de Raxoi, 2º andar  
Praza do Obradoiro, s/n  
15705 Santiago de Compostela  
Tel.: 981 957 202 / Fax: 981 957 205

## **INSCRICIÓN**

A inscrición é gratuíta.  
O número de prazas é limitado (100 persoas).  
As prazas cubriranse por rigorosa orde de inscrición.

## **MÁIS INFORMACIÓN**

[www.consellodacultura.gal](http://www.consellodacultura.gal)  
[difusion@consellodacultura.gal](mailto:difusion@consellodacultura.gal)  
Consulta os materiais en <http://consellodacultura.gal/mediateca>

